

COMPOSICIÓN HISTÓRICA

Os seguintes documentos deben permitirche facer unha redacción sobre as grandes reformas da Segunda República. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender, cando menos, ás reformas educativa, relixiosa, militar e á resposta á situación dos nacionalismos.

Doc. 1: Discurso parlamentario de Manuel Azaña o 13 de outubro de 1931:

Baixo ningunha condición, en ningún tempo, o meu partido nin eu, no seu nome, subscribiremos unha cláusula lexislativa en virtude da cal siga entregado ás ordes relixiosas o servizo do ensino da República. Iso, xamais. Eu síntoo moito; pero esta é a verdadeira defensa da República. [...] Esta acción continua das ordes relixiosas sobre as conciencias xuvenís é cabalmente o secreto da situación política pola que España transcorre [...]. A min que non me veñan a dicir que isto é contrario á liberdade, porque isto é unha cuestión de saúde pública. [...] Pois eu digo que, na orde das ciencias morais e políticas, a obrigación das ordes relixiosas católicas, en virtude da súa dogma, é ensinar todo o que é contrario aos principios en que se funda o Estado moderno.

Doc. 2: Opinión de Ortega e Gasset sobre a situación do exército (2 de xuño de 1931):

A República española ten a tal hora no seu haber unha fazaña enorme, fabulosa, inverosímil, única no mundo [...]: esta fazaña é a de Azaña: a redución radical do exército. [...] O modo como se fixo é, ademais, perfecto en liñas xerais [...]. Por outra banda os militares que a reforma elimina deron proba dunha formalidade exemplar non presentando ata o de agora, estorbo algún á execución da crudísima obra cirúrxica. Comprenderon que o Exército chegara á desnacionalización por completo, tolerando, entre outras cousas, a súa hipertrofia. Se en España había de haber un día Exército ben fundido coa nación e enraizado nela era inescusable un corte radical. Todo se fixo pois prodigiosamente.

Doc. 2: Estatuto de Autonomía de Cataluña (9 de setembro de 1932):

Art.1. Cataluña constitúese en rexión autónoma dentro do Estado Español. O seu territorio é o das provincias de Barcelona, Tarragona, Lleida e Xirona no momento de aprobarse este Estatuto.

Art. 2. O idioma catalán é, como o castelán, idioma oficial en Cataluña (...).

Art. 14. A Generalitat estará integrada polo Parlamento, o Presidente da Generalitat e o Consello Executivo. As leis interiores de Cataluña ordenarán o funcionamento deste organismo, de acordo do Estatuto e a Constitución. O Parlamento, que exercerá funcións lexislativas, será elixido por un prazo non maior de cinco anos, por sufraxio universal directo, igual e secreto.

O presidente da Generalitat asume a representación de Cataluña (...). Será elixido polo Parlamento de Cataluña (...).